

O horario de adaptación é flexible para facilitar a súa incorporación, quedando planificado desta maneira:

Mércores 11 e xoves 12	De 12:30 a 13:50
Venres 13	De 12 a 13: 50
Luns 16	De 11 a 13:50
Martes 17	De 10:30 a 13:50

A partir do mércores 18 será horario completo.

ENTRADAS E SAÍDAS

- ◆ Entrarán as 08:55 pola porta da aula de psicomotricidade e sairán as 13:50 pola mesma porta.
- ◆ Non está permitida a entrada dos acompañantes no centro.
- ◆ No caso de que veñan recoller aos nen@s durante a xornada escolar, os pais/nais ou titores teñen que asinar en Conserxería.

REUNIÓN INICIAL COAS FAMILIAS CURSO 2024/2025



PROFESORADO:

TITORAS:

Naír (aula de 3 anos)
Cristina (aula de 4 anos)
Lorena (aula de 5 anos)

ESPECIALISTAS:

Apoio: Estefanía
Inglés: Teacher Pilar e 1 sesión máis con Lorena
Orientadora: M^o Xosé
Psicomotricidade: Dolores (Loli)

HORARIO DO CENTRO: de 08:55h a 13:50h. **Prégase puntualidade.** O horario de atención a pais/nais é os martes de 16:00h a 17:00h (con cita previa).

HORARIO DO COMEDOR: entrada as 13:50 e recollida ata as 15:50.

NORMAS E FUNCIONAMENTO DA AULA:

- En caso de que algún neno/a padeza algún tipo de alerxia/intolerancia ou doenza crónica (asma, diabetes,...) debe ser comunicado á titora acompañado do correspondente informe médico.
- Se algún neno/a está **enfermo** rógase que non se traia ao colexio, xa que pode ser un foco de contaxio.
- Para calquera aviso, notas para excursións... enviáremolo a través da mochila e /ou por Abalar.
- Os **aniversarios** celebraranse na aula, se o queren poden traer algo para repartir cos demais
- NON se poden traer **xoguetes** da casa.
- Non se muda aos nenos/as, sempre se chama a casa ou á persoa que teñades de contacto para que veña a cambialo.
- Os **teléfonos** das familias deben estar **dispoñibles**.
- É recomendable que os nenos/as veñan con **roupa cómoda** á escola. (por favor, evitade o uso de cinturóns e tirantes que lle dificultan á hora de ir ao baño)
- Por favor, poñédelle o nome as chaquetas, cazadoras..
- Durante a mañá faise unha pequena merenda en torno ás 11. Posteriormente, as 11:30 comeza o recreo.
- Os nenos/as teñen que traer a **mochila** (con nome) todos os días. Debe conter:
 - ✓ Merenda e botella de auga
 - ✓ Viseira/ gorra

RECOMENDACIÓN PARA A ENTRADA EN SETEMBRO:

A entrada ao cole é un cambio importante na etapa dos nen@s, na que saen dunha contorna familiar coñecida e entran nunha contorna que para eles é nova e descoñecida. Por iso se fai necesario un tempo de adaptación para que os nenos/as se acomoden á aula, ás novas rutinas escolares, aos mestres e aos novos compañeiros.

Queremos darvos algunhas recomendacións:

- Falarlle do cole positivamente (o que vai facer, os compañeiros que vai ter...)
- É normal que durante este tempo aparezan choros, non queiran vir.... debes actuar con calma e tranquilidade xa que é un momento difícil para eles.
- Deitade pronto aos nenos/as para que descansen o suficiente
- Se é o caso, é moi importante que deixen o hábito do chupete e o biberón xa que o seu uso continuado pode dar lugar a dificultades posteriores á hora de pronunciación.
- Faládelle con linguaxe de adultos
- Acostumádeo a recoller e deixar as cousas no seu sitio e fomentade a súa autonomía (lavar el/a só as mans, comer só/a, quitar o abrigo....).